



[Gal/Cast] Causa Galiza chama os independentistas a mobilizar-nos na rua neste Dia da Pátria

CAUSA GALIZA :: 18/07/2020

Causa Galiza llama a l@s independentistas a movilizarse en este Dia da Patria

Galego

Como acontece desde 2007, Causa Galiza convoca a tradicional manifestación independentista do Dia da Pátria. A cita enquadra-se num cenário excepcional: unha crise sanitaria que se transforma progresivamente en crise económica e sociolaboral e que é, tamén, política, pois converge con o momento crítico que viven o Estado colonial español e o regime político de 1978.

Campanha e mobilización decorrerán sob a legenda ***Mais independentismo para fazer frente à crise***, que assinala onde reside a solución estratéxica à tentativa dos poderes fácticos de cargar as consecuencias da pandemia nas costas das clases populares e reconfigurar o regime surgido da *Transición*, bloqueando, de novo, o exercicio do dereito de autodeterminación e impondo un novo ciclo estatutario.

Campanha informativa de rua

2.000 cartazes, convocatoria de asembleas abertas, palestras e traballo de rua materializarán a campaña informativa da mobilización independentista. De Causa Galiza animamos os e as independentistas a participardes tanto na socialización da convocatoria como na propia manifestación do Dia da Pátria, facendo da data mais un paso na construción do proxecto político de rutura con España.

Normas de segurancia sanitaria

A mobilización desenvolverá-se sob as normas de segurancia sanitaria que o pobo galego aplica de xeito xeneralizado desde a fin do Estado de Alarma. Recomendamos guardar a distancia de segurancia social e o emprego de máscaras durante o ato para evitar a expansión do coronavirus. A organización arbitrará os medios necesarios para o cumprimento das citadas normas.

Castellano

Como ocorre desde 2007, Causa Galiza convoca a la tradicional manifestación independentista del Dia da Patria. La cita se encuadra en un escenario excepcional, una crisis sanitaria que se transforma rapidamente en crisis economica y sociolaboral y que es tambien politica, pues coincide con el momento critico que vive el estado colonial español y el régimen del 78.

*Campaña y movilización recorrerán sobre la consigna **Mais independentismo para fazer frente à crise que es donde reside la solución estrategica ante el intento de los poderes fácticos de cargar las consecuencias de la pandemia en las clases populares y reconfigurar el regimen surgido en la transición, bloqueando de nuevo, el ejercicio del derecho a la autodeterminación,imponiendo un nuevo ciclo estatutario.***

Campaña informativa en la calle

2.000 carteles, convocatória de asambleas abertas, charlas y trabajo de calle materializarán la campaña informativa de la movilicacion independentista. . Desde Causa Galiza animamos a los independentistas a participar tanto en la socializacion de la convocatoria como en la propia manifestación del Dia da Patria haciendo de la fecha un paso más en la construcción del proyecto politico de ruptura con España

Normas de seguridad sanitaria

A mobilizacion transcurrirá sobre las normas de seguridad sanitaria que el pueblo galego aplica de forma generalizada desde el fin del estado de alarma.. Recomendamos guardar la distância de seguridad social y el empleo de máscaras durante el acto para evitar la expansión del coronavirus. La organización facilitará los medios necesarios para el cumplimiento de dichas normas.

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-causa-galiza-chama-1>